

O meu dossier en liña

OBXECTIVOS:

- 1.- Adquirir habilidades para o traballo autónomo en ferramentas de microblogging.
- 2.- Gañar seguridade e confianza nas propias posibilidades na navegación e acción autónoma en internet en lingua estranxeira.
- 3.- Fomentar a integración das diferentes linguas que utilizamos, como medios efectivos de superar as barreiras de comunicación.
- 4.- Favorecer a capacidade de reflexión e autocrítica na valoración das producións propias en diferentes linguas.

CONTIDOS:

- 1.- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos e inferencia de significados polo contexto para achegarse a textos reais en lingua estranxeira.
- 2.- Coidado na presentación de textos escritos e orais en soporte papel ou dixital usando as regras básicas de ortografía e puntuación e recoñecemento da súa importancia na comunicación.
- 3.- Valoración dos textos realizados tanto propios como do resto de compañeiros da aula.
- 4.- Iniciación ás estratexias de autoavaliación e autocorrección de producións propias.
- 5.- Utilización de ferramentas sinxelas de microblogging para a participación activa na red dende a web 2.0
- 6.- Utilización de servizos e recursos en lingua estranxeira dispoñibles en internet.

RECURSOS:

-Materiais:


- aula de informática con ordenadores conectados a internet.
- Contas gratuítas en Tumblr

-Temporais:


- 1 sesión de 50'

ACTIVIDADES


- 1.- Creación dunha conta para cada alumno no servizo de microblogging Tumblr (<http://www.tumblr.com>). O alumnado pode aproveitar as súas contas de correo existentes ou pode crear unha nova conta de correo gratuíta, por exemplo en Gmail.





2.- Seleccionar para o mesmo a aparencia desexada.




3.- Empezar a achegar cousas ao blog. Este funcionará como dossier contenedor.





Tumblr está íntegramente en inglés pero conta con gran apoio de iconas polo que resulta sinxelo achegarse ao significado das diferentes mensaxes.

O primeiro blog crease conxuntamente co profesor a modo de exemplo. O resto serán abertos, configurados e enchidos de contido polos alumnos en grupos, de tal xeito que o grupo axudará a cada un dos rapaces a crear o se blog de modo cooperativo.



Unha vez creado, este contenedor permite reducir o dossier a unha mera dirección web do tipo <http://testportfolio.tumblr.com> xa que Tumblr permite almacenar textos, imaxes, videos, audios, enlaces, e mesmo liñas de chat. Tumblr permite tamén embeber videos e presentacións gardadas en outros servizos gratuítos como YouTube ou SlideShare, para que se executen directamente no propio blog.

Aínda que se trata dun Dossier tomouse a decisión de nomealo como portafolio dado que esta é a parte máis sinxela de entender do PEL. É dicir, para un neno ten senso na súa historia escolar, o feito de seleccionar producións para unha carpeta de “mostra”. O seguinte paso será a reflexión sobre a mesma e finalmente poderemos pasar a un nivel de abstracción superior que supón reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe afondando na metacognición. Como Centro de Educación Especial esa viaxe do concreto ao abstracto debemos encarala paseniño.